

# 1 Líder




1

3

## OBXECTIVO Á VISTA

**O Rácing Villalbés B chega ao parón co título Provincial xuvenil encamiñado.** A falta de dúas xornadas, os chairegos son líderes con dous puntos máis que a Milagrosa, segundo clasificado, ao que tamén superan no average

LIGA GALEGA INFANTIL

### O Lugo aínda pode ser cuarto

Os de Dani Galán impuxéronse ao Val Miñor e aproveitaron a derrota do Pabellón. Se os ourensáns perden na próxima xornada e os lucenses gañan, xogaranse un posto nas semifinais polo título nun duelo directo



ADC SAGRADO CORAZÓN

### O I Torneo Semana Santa arrica esta mañá

36 equipos de tres categorías disputarán 69 partidos no Rodríguez Lago das Gándaras onde o club capitalino cita a máis de 500 participantes en idade prebenxamín, benxamín e alevín

REPORTAXE

### IV Torneo Promesas José Manuel Alvelo

Noventa equipos de toda Galicia disputan esta nova edición do evento organizado pola SD Monterroso nos campos dos Cerdeiriños a partir do mércores, día no que os partidos de biberón abrirán o campionato

PROVINCIAL INFANTIL

### Burela xa pode ser campión na próxima xornada

A falta de dúas xornadas, conta con 35 puntos, tres máis que o Ribadeo que ten un partido máis e catro sobre o Viveiro, terceiro clasificado, polo que unha vitoria á volta do parón na Marosa ante a Residencia B pode certificar o título Provincial infantil para os marifiaos



# De novo, partido de dúas partes

**A RESIDENCIA** volveu naufragar na segunda metade tras uns primeiros corenta minutos de poder a poder



Arbitro: Jose Luis Fraga. Brenda Lende. Anai Vázquez. Campo: A Cheda



Lucas encarando a portería contraria tras superar a rival



Nico Gómez protexe o esférico ante a presión dun defensa



O branquiazul Alonso co balón no medio campo ante a mirada do seu compañeiro Lucas

**“Outra semana máis na que facemos unha boa primeira parte de encontro, moi competitiva. Na segunda, un apagón de 10 minutos fai que se nos vaia o partido e o traballo pola borda”**

KAISER SDC Residencia

A Residencia volveu escribir un guiño xa coñecido esta tempada, e especialmente nas últimas xornadas nas que os de Kaiser mostran dúas versións ao longo dun mesmo encontro.

Unha vez máis, na primeira parte a Residencia competiu de poder a poder chegando ao descanso co cero a cero inicial na Cheda, tras corenta minutos nos que Alonso xerou perigo pola súa banda e Lucas deu sensación de perigo malia non poder concretar ningún remate claro.

**OS MELLORES**  
**RESIDENCIA**  
 MATEO 🏆🏆🏆  
 LUCAS 🏆🏆  
 ERIK 🏆

Tralo descanso o Conxo Santiago saltou ao terreo de xogo cunha marcha máis, sobre todo con balón, e en apenas dez minutos sentenciaron o encontro con tres goles de forma consecutiva.

A nota máis destacada para a Residencia nesta segunda parte foi o debut de Mateo, xogador en idade alevín pero que disputou bos minutos antes un dos equipos máis físicos deste grupo pola permanencia na Liga Galega infantil.

Tralo parón da próxima xornada, a Residencia visita A Coruña para medirse co Calasanz, un equipo inmerso na loita pola permanencia.

## A Milagrosa foi de menos a máis ante o Riveira

**OS LUCENSES**

remataron a primeira parte con boas sensacións



Goles: Adrián (2) e Juan (2) polo Riveira

**“Si no aprovechas las ocasiones, al final lo terminas pagando con una derrota”** MADRILES Milagrosa

A Milagrosa viaxou a Riveira con moitas ausencias, pero os de Madriles tiveron as súas opcións, sobre todo ao comezo da primeira parte na que puideron adiantarse no marcador antes de que os locais tomasen a iniciativa, e ata tralo un a cero a Milagrosa terminou a primeira parte con mellores sensacións.

O Riveira quixo o balón e aos lucenses non lles importou, xa que apertaban e roubaban en zonas de perigo para saír á contra á vez que mantiñan o balón lonxe da súa área. Con todo, ao cuarto de hora unha contra local terminou co balón no fondo das mallas da portería defendida de novo por Pedro.

Leo tomou as rendas do partido no medio campo e dispuxo das dúas chegadas con máis perigo para poder empatar un encontro que a Milagrosa non merecía ir perdendo ao descanso. Xa na segunda parte chegou o dous a cero cun disparo afastado co que a emoción polos puntos terminouse.

O Riveira ampliou a conta nunha última media hora con menos emoción e intensidade do que fora o resto do encontro.

## O Calasancio disparouse a súa última bala no pé

**A DERROTA** ante o

Alondras deixa aos de Manu Rodríguez ao borde do descenso



Goles: Breixo (2) e Manuel para o Alondras

**“O marcador non mostra o traballo e o sacrificio destes rapaces no partido e na Liga”** MANU RGUEZ Calasancio

O Calasancio viaxou a Cangas en busca de tres puntos que o mantivesen vivo na loita pola permanencia, e os de Manu Rodríguez fixeron méritos para conseguilos pese a que o tres a cero final, inxusto e avultado, deixaos practicamente descendidos.

A igualdade inicial trunouse de novo cunha acción a balón parado, o gran talón de Aquiles dos monfortinos esta tempada, xa que aos cinco minutos o Alondras fixo o un a cero tras un saque de esquina.

O Calasancio foi a polo partido con descaro. Díaz estrelou un balón no poste e Yago tamén rozou o empate cun disparo que se foi rozando o pau, mentres que o Alondras, coa lei do mínimo esforzo, fixo o dous a cero cunha contra na que os monfortinos reclamaron fóra de xogo que o árbitro non sinalou.

A última bala de Manu Rodríguez eran Dalama e Mariño para dar profundidade na segunda parte, pero un penalti inexistente que supuxo o tres a cero minou calquera amago de remontada dun Calasancio que, de novo, volveu estar por encima do que indica o marcador final.

# O Lugo gaña en Nigrán e volve soñar cun posto no play off

**A FALTA DE DÚAS XORNADAS** os albivermellos teñen opcións de estar entre os catro primeiros. Necesitan unha derrota do Pabellón ante o Val Miñor para chegar con opcións á última cita



Arbitro: Abel González, Gonzalo Martínez e Jorge Rodríguez. Campo: Ureca Nigrán

**“El equipo volvió a elevar el nivel competitivo”**  
**DANI GALÁN** CD Lugo



Moha, autor do cero a un, consegue levar o balón ante a mirada de Antón e Dani Pérez

O Lugo recuperou o pulso e as boas sensacións cunha vitoria de moito mérito en Nigrán ante Val Miñor, que ten aínda máis importancia trala derrota do Pabellón Ourense ante un Deportivo que segue lucindose nesta segunda fase, polo que o cuarto posto quédase a seis puntos de distancia.

As opcións de clasificarse para as semifinais da loita polo título

Galego infantil pasan por unha derrota do Pabellón Ourense ante o Val Miñor na próxima xornada e un triunfo do Lugo na Coruña ante o Montañeros. Se isto sucede, Pabellón e Lugo xogaran todo a unha carta na última xornada no duelo directo que os medirá cos lucenses como locais.

O Lugo chegaba coa

moral tocada a Nigrán tralo último encontro ante o Deportivo pero as penas pasaron rápido co cero a un que asinou Moha aos tres minutos na primeira aproximación á área local tras aproveitar o rexeitamento do porteiro logo dun disparo de Marco.

O Lugo exhibiu pegada xa que na súa segunda ocasión ampliou a vantaxe.

O cero a dous asinou Manu cun disparo pegado ao poste desde fóra da área nunha primeira parte marcada pola pegada dos lucenses nos metros finais.

Tralo descanso o Lugo atopou vías para xerar perigo pero faltoulles calma e acerto no último pase. O porteiro local

luciuse nun disparo de Marco que puido supoñer o cero a tres, mentres que o Val Miñor volveuse a meter na loita polos puntos cando estaba ao borde do KO ao empatar tras unha falta colgada á área.

O un dous deulle ás ao Val Miñor pero o Lugo puido sentenciar cun gol

anulado sen sentido a Aymán tras un pase da morte de Dani.

O propio Dani foi expulsado por unha confusión do árbitro e o Lugo tivo que defender o resultado na recta final con unllas e dentes ante os seis minutos de prolongación que engadiu o colegiado.

Ao final, vitoria sufrida pero que mantén as opcións de clasificarse entre os catro primeiros para un Lugo que, na próxima xornada, tralo parón das competicións, terá un ollo en Ourense ademais de intentar sumar os tres puntos na Coruña ante o Montañeros.

**OS MELLORES**

**CD LUGO**

**MANU** 2 2 2

**MOHA** 1 2 1

**BUIDE** 1 2 1

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
VELOSO	Residencia	12	ANXO	RC Villalbés	36	BRIAN	CD Lugo	17	LUIS	Viveiro CF	38	AYMAN	CD Lugo	18	CEREJO	Calasancio	41
ÁLEX RAMOS	CD Lugo	10	JUAN	Viveiro CF	32	GABRIEL	RC Villalbés	16	MIGUEL	SCD Milagrosa	35	NACHO	Calasancio	12	LEO	Milagrosa	31
CHRISTIAN	CD Lugo	10	PABLO D.	Residencia	24	LUIS	Viveiro CF	14	TRASI	Viveiro CF	33	PÉREZ	CD Lugo	12	MARCOS	Milagrosa	23
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	10	PORTO	CD Lugo B	22	PÉREZ	CD Lugo	10	DANI	RC Villalbés	25	MOHA	CD Lugo	10	BUIDE	CD Lugo	20
JAIRO	Viveiro CF	10	XABI B.	CD Lugo B	21	SAMU	CD Lugo	9	CADRA	RC Villalbés	24	DÍAZ	Calasancio	7	B. VASCO	Milagrosa	20
FAGÍN	Calasancio	8	RARES	RC Villalbés	21	BORJA	CD Lugo B	8	YAGO	SCD Milagrosa	24	DANI	CD Lugo	6	MOHA	CD Lugo	19
MOREDA	RC Villalbés	8	SERGI	Calasancio	20	MICHI	CD Lugo B	7	PAJÓN	SCD Milagrosa	23	ALONSO	Residencia	6	GONZALO	Milagrosa	18
YAGO	CD Lugo B	7	CONDE	Residencia	20	IAGO GESTO	RC Villalbés	7	GABRIEL	RC Villalbés	18	CEREJO	Calasancio	4	HUGO	Milagrosa	18
CONDE	Residencia	7	XOEL EJO	Viveiro CF	19	GABI	RC Villalbés	7	CABADO	RC Villalbés	18	MARCO	CD Lugo	4	ALVITE	Residencia	17
NICO	Calasancio	6	GARCÍA	Residencia	18	CASTRÍN	CD Lugo	6	BOIXET	Viveiro CF	18	ANTÓN	CD Lugo	4	MAEL	Residencia	17
VIDAL	CD Lugo	6	JAIRO	Viveiro CF	18	YAGO	SCD Milagrosa	6	ALEJANDRO	Viveiro CF	17	LEO	Milagrosa	4	ROSÓN	CD Lugo	16
FONSECA	Residencia	6	MACLY	Viveiro CF	18	DENÍS	SCD Milagrosa	6	GABI	RC Villalbés	14	MANU	Residencia	4	MANU F.	CD Lugo	16
BATALLÓN	Residencia	6	ÁNGEL	Residencia	17	DIEGO C.	SCD Milagrosa	6	PABLO	Viveiro CF	14	BUIDE	CD Lugo	3	TONI	Calasancio	15
CARLOS	Viveiro CF	6	ÁLEX	Calasancio	16	TRASI	Viveiro CF	6	NOEL T.	RC Villalbés	13	BRUNO	Milagrosa	3	NACHO	Calasancio	15
GABARRE	CD Lugo	5	ÓSCAR	RC Villalbés	16	MANU	CD Lugo	5	RAÚL C.	RC Villalbés	12	YOUNESS	Calasancio	2	DANI	CD Lugo	15
XABI D.	CD Lugo	5	YAGO	Viveiro CF	16	LEO	CD Lugo B	5	BRAIS	SCD Milagrosa	12	DALAMA	Calasancio	2	HUGO P.	Residencia	15
DANI A.	CD Lugo B	5	FAGÍN	Calasancio	15	RAÚL L.	RC Villalbés	5	NOVO	Viveiro CF	12	CARMEN	Calasancio	2	DÍAZ	Calasancio	14
ÓSCAR	RC Villalbés	5	IVÁN	Viveiro CF	15	ASIER	CD Lugo	4	RAFA	SCD Milagrosa	11	DANI G.	CD Lugo	2	MARCO	CD Lugo	14
REIGOSA	Residencia	5	ANDRÉS	Calasancio	14	BORJA	CD Lugo	4	RAÚL	SCD Milagrosa	11	DAVID	Milagrosa	2	BRAIS	Milagrosa	13
JUAN	Viveiro CF	5	IAGO	Calasancio	13	CADRA	RC Villalbés	4	MANEL	CD Lugo B	10	ERIC	Residencia	2	CARMEN	Calasancio	12
PABLO C.	Viveiro CF	5	ABEL	Calasancio	12	JAVI	CD Lugo	3	DENIS	SCD Milagrosa	10	JAVI	Calasancio	1	LAMÚS	Calasancio	12
BORJA	Viveiro CF	5	RUBÉN	CD Lugo B	12	ROSÓN	CD Lugo	3	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	MARIÑO	Calasancio	1	IAGO	Calasancio	12
JORDI	Calasancio	4	NOEL	RC Villalbés	12	NODAR	CD Lugo B	3	CÁBARCOS	SCD Milagrosa	9	LAMUS	Calasancio	1	AMIN	CD Lugo	12
SCHUSTER	CD Lugo	4	REIGOSA	Residencia	12	FREIRE	CD Lugo B	3	ÁLEX	Viveiro CF	9	JUAN	Calasancio	1	MANU FDEZ.	Residencia	12
XABI B.	CD Lugo B	4	BEGONTE	Residencia	12	GABRI	CD Lugo B	3	MARTÍN	RC Villalbés	7	GUITI	Calasancio	1	CRIS	Milagrosa	11
LIS	CD Lugo B	4	REY	CD Lugo B	11	DIEGO	RC Villalbés	3	I. GESTO	RC Villalbés	7	IKER	CD Lugo	1	NICO S.	Residencia	11
JORGE	Viveiro CF	4	MOREDA	RC Villalbés	11	RAFA	SCD Milagrosa	3	PEDRO	RC Villalbés	7	ROSÓN	CD Lugo	1	RAÚL	Residencia	11
MACLY	Viveiro CF	4	HERRERO	RC Villalbés	11	LOUREIRO	Viveiro CF	3	JUAN	SCD Milagrosa	7	AHÍTO	Milagrosa	1	DENÍS	Calasancio	10
DAVID	Viveiro CF	4	DAVID	RC Villalbés	11	PABLO	Viveiro CF	3	LUCAS	Viveiro CF	7	HUGO	Milagrosa	1	DIEGO	CD Lugo	10
DAVID	Viveiro CF	4	ANDER	Residencia	11	ÁLEX	Viveiro CF	3	BORJA	CD Lugo B	6	RAÚL	Milagrosa	1			

Pichichi INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
CARLOS	Villalbés A	32
DANI	Lugo B	30
FERNANDO	Burela SD	27
ADRIÁN	Burela SD	27
CARLOS	Ribadeo	26
TONI	Villalbés A	26
DAVID B.	Sagrado A	23
CARLOS	Becerreá	21
IGNA	Ribadeo	19
S. VÉLEZ	Residencia B	18
ADRIÁN	SD Viveiro	18
NOEL	Villalbés A	18
OMAR	Lugo B	17
JOSÉ	Lugo B	14
UNAI	Residencia B	14
XOEL	Sarriana	13
ANXO	Villalbés A	13
JAVI	Becerreá	12
RUBÉN	Sarriana	12
MARTÍ	SD Viveiro	12
IVÁN	Burela SD	11
ANDRÉ	Lugo B	11
VILLA	Lugo B	11
JARNO	Sagrado A	11
BRAIS	Ribadeo	10
ADRIÁN	Sarriana	10
SAÚL FDEZ	Sarriana	10
ÁLEX L.	Villalbés A	10
SAMUEL	SD Viveiro	9
LUCAS F.	SD Viveiro	9
AYOUB	Ribadeo	8
ANTÓN	Ribadeo	8
XAVI	Ribadeo	8
YAGO	Burela SD	7
MIGUI	Ribadeo	7
ISRA	SD Viveiro	7
RICARDO	Villalbés A	7
S. VIVERO	Residencia B	6



O branquiazul Fran controla o balón ante Anxo



David Basadre co coiro presionado por Hugo



Dawit trata de despegar ante o chairego Carlos

# O Rácing Villabés segue dependendo de si mesmo

**OS DE JANDRO NOVOA** estarán na Fase de Ascenso de gañar os dous encontros que lles quedan no Provincial, ante Sarriana e Becerreá

SAGRADO CORAZÓN	RC VILLALBÉS
0	5
Goles: Brais, Carlos (2) e Toni (2)	

Arbitro: Susana Gueimonde Méndez Campo: Rodríguez Lago 2

OS MELLORES	
SAGRADO C.	VILLALBÉS
DAWIT	YAGO
FRAN	LEO
BASADRE	HUGO

O triunfo fronte ao Sagrado deixa aos chairesos en posición de ascenso a Liga Galega infantil. Para

os de Jandro deberán gañar os dous últimos compromisos tralo parón de Semana Santa, ante Sarriana e Becerreá, xa que ao Ribadeo, dous puntos por riba dos racinguistas, só lle queda un partido por disputar, fronte ao Lugo B.

Para chegarse a estar circunstancia o Villalbés tivo que empregarse ao máximo o pasado sábado no Rodríguez Lago fronte ao Sagrado Corazón. Os branquiazuis non regalaron nada e puxéronlles as cousas difíciles aos de Jandro, que pese a comezar dominando, estaban imprecisos co balón e non atopaban a maneira de chegar con perigo á área rival.

De inicio, o Sagrado

**“Competimos muy bien. A seguir disfrutando de este deporte y formándonos todos”**

ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón

**“Tiramos a la basura la primeira media hora por exceso de relajación”**

JANDRO NOVOA RC Villabés

suscitou unha defensa en repliegue, basculando ben e chegando ás axudas á banda, por onde chegaba o perigo chairego. Aínda así, en ataque non foron quen de atopar a Basadre nin a Isma, e mediada a primeira parte o Villalbés non perdoou e fixo o 0-1, obra de Carlos.

A partir de aí o Rácing estivo máis cómodo e pouco antes do descanso Toni ampliaba a vantaxe co 0-2, grazas a unha xogada por banda de Carlos.

Tralo paso polos ves-

tiarios o 0-3 non tardou en chegar, o segundo na conta persoal de Toni. A partir de aí o partido perdeu ritmo e chegaron dous goles máis, de Carlos e de Brais, de falta directa, que terminaron por decantar o encontro co definitivo 0-5.

Tralo parón de Semana Santa o Villalbés afrontará as dúas finais, o Sagrado Corazón, pola súa banda, descansa na penúltima xornada e xogará o derradeiro encontro ante a Sarriana.

Regularidade INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
JARNO	Sagrado A	33
XABI	Residencia B	30
DAVID B.	Sagrado A	28
CANDELA	Becerreá	27
CARLOS	Becerreá	27
ADRIÁN	Burela SD	25
YAGO	Burela SD	23
MARTÍ	SD Viveiro	23
ADRIÁN	SD Viveiro	23
S. VÉLEZ	Residencia B	22
CARLOS	Ribadeo	21
XOEL	Sarriana	21
ÓSCAR	Residencia B	18
GAYOSO	Burela SD	17
BRUNO	Lugo B	17
FRAN	Sagrado A	17
NOEL	Villalbés A	17
FERNANDO	Burela SD	16
DANI	Lugo B	16
ANDRÉ	Lugo B	16
ÁLEX	Lugo B	16
ROI	Ribadeo	15
SAÚL F.	Sarriana	15
CARLOS	Sarriana	15
CARLOS	SD Viveiro	14
ANXO	Villalbés A	14
SERGIO	Becerreá	13
DAVID	Ribadeo	13
MIGUI	Ribadeo	13
KIKE	Sagrado A	13
RUBÉN	Sarriana	13
BRAIS	Ribadeo	12
ADRI	Ribadeo	11
TOURÓN	Sarriana	11
PEPE	Lugo B	11
OMAR	Lugo B	10
ADRIÁN	Becerreá	9

# A penúltima estocada do Burela

**OS DE JAVI RUIZ** están a tres puntos de ser campións provinciais tralo triunfo este sábado en Becerreá. Unha vitoria na Marosa a próxima xornada daríalles o título

BECERREÁ		1
BURELA		5
Mito	Santi	
Martín	Mateo	
Claudio	Gayoso	
Sergio	Balseiro	
Alejo	Aleixo	
Diego	Rafa	
Adrián	Jose M <sup>o</sup>	
Babiác	Pablo Gil	
Álvarez	Iván	
Andrés	Yago	
Carlos	Adrián	
Dani	Diego	
Unai	Yago A.	
Dorado	Felix	
Carlotos	Oscar	
Deivid	Franklin	

Goles: Carlos para o Becerreá, Iván, Yago (2) e Adrián (2) para o Burela.  
Arbitro: Miguel Pin Calvín

Vitoria máis traballada do que indica o marcador do Burela en Becerreá, pero que deixa aos mariñaos a un triunfo de proclamarse campións. Tralo parón da próxima fin de semana os de Javi Ruiz recibirán á Residencia B na Marosa e, de gañar, faranse co título Provincial e cunha praza para loitar polo ascenso á Liga Galega infantil.

No encontro no Municipal o Burela comezou

adiantándose cedo, cun gol de Yago dende fóra da área, pero a partir de aí o Becerreá estivo máis cómodo e conseguiu empatar grazas a un gol Carlos tras un centro de Martín.

Babiác e de novo Carlos tiveron as mellores ocasións para adiantar aos locais, pero cinco minutos antes do descanso Adrián transformaba un penalti cometido sobre el mesmo.

Tralo intermedio o Burela deu un paso adiante

**“Hicimos una primera parte en la que tuvimos ahogado al líder de la categoría”**

NICO LONGHINI Becerreá

**“Estamos a un pasiño. Esperamos poder conseguilo na Marosa coa nosa xente”**

JAVI RUIZ SD Burela

e non deu opcións ao Becerreá. O bo xogo combinativo e as xogadas por banda a favor dos mariñaos sucedéronse e Adrián, Yago -cun disparo dende a frontal- e Iván sentenciaron o encontro co 1-5 que deixa aos de Javi Ruiz con


35 puntos no máis alto da táboa clasificatoria, a só un triunfo de ser campións.

O Becerreá pechará o seu paso polo Provincial con dous encontros: Ante o Viveiro no Marcos Gómez e na casa, ante o Rácing.

# Ribadeo estará á espera

**AOS DE MORO** só lles queda un partido no Provincial, ante o Lugo B, e agardarán o fallo de Rácing ou Viveiro para poder estar na Fase de Ascenso

**RESIDENCIA B** **0** **9** **RIBADEO**  
 Goles: Carlos (4), Ignan (3) e Brais



Arbitro: Brenda Lence Iglesias Campo: A Cheda

**“Los primeros treinta minutos fueron muy buenos, tenemos que seguir afrontando esto como un aprendizaje”** ADRIÁN SUÁREZ SDC Residencia

**“Cuando empezamos a jugar rápido llegaron las ocasiones y los goles”** MORO SD Ribadeo

**OS MELLORES**

RESIDENCIA	RIBADEO
XAVI M.	CARLOS
SAÚL	ANTÓN
ABUÍN	ROI

O conxunto mariñoa fixo os deberes no encontro da Cheda ante a Residencia B cunha cómoda vitoria que encamiñaron xa na primeira parte. Os de Moro non especularon e dominaron o encontro dende o inicio, adiantándose xa no minuto catro cun gol de Carlos. A partir de ahí a Residencia asentouse e evitou o perigo visitante durante media hora moi boa por parte local, pero nos últimos dez minutos o Ribadeo entonouse e conseguiu tres goles que deixaban

o encontro practicamente visto para sentenza. Na segunda metade as ocasións e os goles seguiron chegando e o partido rematou co definitivo 0-9 que mantén ao Ribadeo na segunda praza.

Aínda que son segundos, os mariñoas non dependen de si mesmos para estar na Fase de Ascenso, xa que só lles queda un partido por xogar, fronte ás dúas citas que teñen Burela, Viveiro e Villalbés.

As combinacións son moitas, pero a máis fiable para que os ribadenses entren no corte e a de gañar o encontro que lles queda contra o Lugo B e

**1**

**ENCANTRO** por disputar para o Ribadeo. Que nas dúas últimas xornadas terá un ollo posto no que fagan Villalbés e Viveiro nos seus compromisos

esperar o fallo de Villalbés ou Viveiro ningún dos dous encontros que lles quedan por disputar.

Así, tralo parón o Ribadeo recibe aos albivermeiros no Pepe Barrera e, a partir de aí, terán que poñer un ollo nos encontros dos outros aspirantes, chairegos e celestes.

A Residencia B, pola súa banda, rematará o seu paso polo Provincial enfrontándose ao líder da competición, o Burela, na Marosa na penúltima xornada, e recibindo na Cheda ao Viveiro a fin de semana do 4 de maio no último encontro para os de Adrián Suárez.



O mariñoa Roi tras roubarlle un balón a Santi Vélez



Kai co coiro en condución por diante de Yoel



Carlos a piques de rematar á porta de Nico ante Ignan, Dopico e o branquiazul Anxo

**CLASIFICACIÓNS**

**INFANTIL Promoción Ascenso**

**RESULTADOS**

S. Corazón - RC Villalbés	0-5
Sarriana - SD Viveiro	1-7
SD Becerreá - Burela	1-5
Residencia B - Ribadeo B	0-9

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
BURELA SD	35	14	11	2	1	63	22
SD RIBADEO	32	15	10	2	3	56	18
SD VIVEIRO	31	14	10	1	3	64	28
RC VILLALBÉS A	30	14	9	3	2	66	24
CD LUGO B	18	14	5	3	6	51	37
S.D. SARRIANA	15	14	4	3	7	31	45
S.D. BECERREÁ	10	14	3	1	10	21	54
SAGRADO A	7	15	1	4	10	20	71
S.D. RESIDENCIA B	4	14	1	1	12	19	92

**PRÓXIMA XORNADA**

Villalbés - Sarriana Viveiro - Becerreá  
 Burela - Residencia B Ribadeo - CD Lugo A

**premios líder 2018**  
 fútbol - baloncesto - balonmano

**HOXE**

**PUBLICACIÓN NOMEADOS**

**Infantil provincial**

1 PORTEIRO  
 2 DEFENSAS  
 3 MEDIOCENTROS  
 2 DIANTEIROS  
 1 ADESTRADOR  
 por cada equipo

**premios líder 2018**  
 fútbol - baloncesto - balonmano

# O primeiro obxectivo está á vista

**O VIVEIRO, TERCEIRO CLASIFICADO**, ten pé e medio na promoción de ascenso xa que depende de si mesmo a falta de dous partidos ante Becerreá e Residencia B

**SARRIANA** **1**

**SD VIVEIRO** **7**

Mauro	Dopico
Pablo No	Juan L.
Tourón	Alejandro
Nacho	Bruno V.
Saúl Fdez	Marc
Adan	Marti
Adri	Ayana
Carlos	Adrián
Nico	Lucas
Adrián	Samu
Denis	Miranda
Alex	Alvaro
Fran	Naim
Xoel	Javi B.
Salatel	Bruno
Anthony	Teshome

Goles: Anthony para a Sarriana. Ayana, Adrián, Lucas, Miranda e Teshome para o Viveiro.

Arbitro: Aitor Freán Campo

Os de Antonio Serrano prepararán nestas dúas semanas as últimas citas do Provincial sabendo que, de gañalas, estarán na fase de ascenso.

O triunfo ante a Sarriana encamiña un pouco máis aos celestes, que nos dous últimos compromisos recibirán ao Becerreá e visitarán a Cheda para enfrontarse á Residencia B, rivais a priori inferiores.

No encontro da Ribela

foron superiores ao longo dos 80 minutos, aínda que nos primeiros costoulles atacar a férrea defensa local.

Así, o único gol da primeira parte chegou tras un centro lateral que remataba Alejandro ao fondo das mallas. O perigo visitante aumentou no tramo final, con ocasións de Marti, Ayana e Lucas, pero o marcador non se movería.

Tralo descanso Ayana

**“O Viveiro foi superior neste encontro. Intentaremos rematar a Liga o mellor posible”** RAÚL Sarriana

**“Seguimos conciéndonos y mejorando”**

ANTONIO SERRANO SD Viveiro

fixo o 0-2 logo dunha boa xogada combinativa, e a partir de aí foron chegando os goles ata o 0-7. Na última acción do encontro Anthony, tras aproveitar un rexeite na área, facía o gol da honra para o conxunto sarriano.

Tralo parón de Semana Santa a Sarriana buscará rematar o Provincial da mellor forma posible ante Villalbés e Sagrado Corazón. O Viveiro terá na súa man a fase de ascenso ante Becerreá e Residencia B.



# NOMEADOS LIGA INFANTIL PROVINCIAL XII GA

## PORTEIROS

<p><b>ANTÓN</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>JORGE</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>NICO</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>MAURO</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>SANTI</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>DAVID HERMIDA</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>AARÓN</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>ALVARO</b></p> <p>Sagrado</p>
--	--------------------------------------	--	--	--------------------------------------	---	---------------------------------------	-------------------------------------

## DEFENSAS

<p><b>CANDELA</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>SERGIO</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>ÁLEX</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>PEPE</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>ÓSCAR</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>YOEL</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>CARLOS</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>MAURO</b></p> <p>SD Sa</p>
<p><b>MATEO</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>HUGO</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>SERGIO DÍAZ</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>BRAIS</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>DAVID</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>FRAN</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>ISMA</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>JAVI</b></p> <p>Vivei</p>


## MEDIOS

<p><b>ADRIÁN</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>ALEJO</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>MARTÍN</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>ANDRÉ</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>ANXO</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>BRUNO</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>CILLERO</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>PEPE</b></p> <p>SDC Resi</p>
<p><b>RUBÉN</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>SAÚL FDEZ.</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>SAÚL TOURÓN</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>IVÁN</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>RAFA</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>YAGO</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>ÁLEX GIMENO</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>ÁLEX</b></p> <p>RC Vi</p>
<p><b>XAVI</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>MIGUI</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>ROI</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>ADRI</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>JARNO</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>RODRI</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>SAMUEL</b></p> <p>Viveiro SD</p>	<p><b>MAURO</b></p> <p>Vivei</p>


## DIANTEIROS

<p><b>ANDRÉS</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>CÁRLOS</b></p> <p>SD Becerreá</p>	<p><b>DANI</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>OMAR</b></p> <p>CD Lugo B</p>	<p><b>SANTI VÉLEZ</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>UNAI</b></p> <p>SDC Residencia B</p>	<p><b>ADRI</b></p> <p>SD Sarriana</p>	<p><b>XAVI</b></p> <p>SD Sa</p>
<p><b>FERNANDO</b></p> <p>SD Burela</p>	<p><b>ANXO</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>CÁRLOS</b></p> <p>RC Villalbés</p>	<p><b>ANTÓN</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>CÁRLOS</b></p> <p>SD Ribadeo</p>	<p><b>DAVID BASADRE</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>DAWIT</b></p> <p>Sagrado Corazón</p>	<p><b>ADRI</b></p> <p>Vivei</p>

## GALA PREMIOS LÍDER

premioslíder<sup>2019</sup>  
fútbol-base lucense

## ADESTRADORES



• A partir desta publicación, cada adestrador e cada capitán ou por consenso de equipo votarán a tres porteiros, tres defensas, tres medios, tres dianteiros e tres adestradores con cinco, tres e un punto respectivamente, sen poder votar a xogadores dos seus propios equipos.







• As votacións faranse públicas no Líder, e os que teñan máis votos en cada liña configurarán o mellor once Infantil Provincial da tempada nun sistema de xogo 1-3-4-3.

• As listas dos mellores equipos de categoría Infantil provincial publicaranse, xunto con todos os votos que efectúen os diferentes adestradores e capitáns, o próximo día 20 de maio no Líder.

• Os nomeados para o mellor once inicial de cada categoría son elixidos polos propios adestradores de cada equipo.

premioslíder<sup>2019</sup>  
fútbol-base lucense

## ÁRBITROS



Os elixidos para as nominacións en cada categoría son facilitados polo colexio de árbitros e tense en conta os árbitros que máis partidos dirixiron esta tempada en cada competición. Unha vez seleccionados, cada adestrador votará con 10, 7, 5, 3 e 1 punto aos cinco que considere oportunos. Do recuento final sairá o mellor árbitro de cada categoría. En caso de empate o elixido será o colexiado que asubiera máis encontros esta tempada

## DIEGO VILLARES | Balón de Ouro fútbol base lucense



## “Pese a ver a toda a miña familia no Auditorio, non agardaba ser elixido Balón de Ouro na Gala”

• Como foron os teus inicios no fútbol?

Empecei a xogar ao fútbol no Rácing Villalbés, onde estiven toda a vida. Empecei cando era alevín, bastante tarde, a maioría dos meus amigos xa xogaban. Un profesor do colexio animou a miña nai a que me anotase nun equipo porque lle parecía que xogaba ben.

• Cales son os teus mellores recordos da etapa no fútbol base?

Pois, deportivamente, a mellor etapa foi ao final, en xuvenil, cando me empecei a entrenar co primeiro equipo, cando empezaron a confiar en min, e a chegada de Gil Sanz, que me axudou moitísimo. Despois, teño outros recordos, de gañar ligas cos amigos xogando en alevíns ou infantís. Son outro tipo de recordos, nos que pesa máis o persoal.

• Algunha espiña cravada desa primeira etapa?

Unha fase de ascenso, pero eliminounos o Calasanz. En cadete estivemos moi preto de subir a División de Honra e en xuvenís de Galega a Nacional. Pero nunca puidemos a pesar de que creo que eramos unha xeneración moi boa.

• En xuvenil recibiches o Balón de Ouro ao mellor xogador da canteira lucense, como recordas esa gala?

Pois dese día acórdome perfectamente. Foron meus tios, miñas primas, meus pais, meu irmán incluso, que era aínda pequeniño. Acórdome de entrar no Auditorio e velos a todos alí, solos dentro. E extrañárame pero non cheguei a imaxinar que sería eu o Balón de Ouro. Foi o ano no que me empezo a chamar o primeiro equipo do Rácing Villalbés.

• Conservas a relación ou o contacto cos xogadores da túa xeneración?

Si, eramos unha boa xeneración e a maioría segue xogando ao fútbol. Son amigos de toda a vida, e seguirano sendo.

• Cóntanos, como foi esa chamada do primeiro equipo?

A primeira vez que fun convocado foi porque tiñan moitas baixas. Chamárame Paco Corredoira, que

daquela era director deportivo, un domingo pola mañá. Puxérase enfermo alguén da primeira plantilla e convocáranme para xogar contra o Ordes, aínda que nunca fora nin sequera entrenar. A partir de aí, xa empecei a adestrar e a ir máis asiduamente.

• Dos adestradores que tiveches no fútbol base, algún que te marcasse especialmente?

Pois Simón, pola relación que teño con el. Unha relación máis de amizade, aínda que agora sexa tamén o meu adestrador. En xuvenil axudoume moito, cando empecei a xogar co primeiro equipo, preocupouse sempre moito por min. Agradézollo moito. Foi unha axuda moi importante.

• Tiveches algunha proposta para saír do Rácing Villalbés antes da chamada do Deportivo?

Algunhas, pero nunca me decidín a saír porque eu estaba ben en Vilalba, xogaba cos meus amigos e cría que tampouco tiña necesidade de ir a outro lado, que non iba mellorar máis do que o faría aquí.

• A chamada do Deportivo a temporada pasada, como chegou?

Foi un proceso bastante longo, empezaron a mostrar interese, a contactar conmigo, cos meus pais, co Villalbés, e foise concretando pouco a pouco.

• O Rácing apoiouste nesa decisión?

Si, todos absolutamente. O adestrador, o presidente... Sempre me dixeron que eles querían o mellor para min e que crían que podía ser un paso importante.

• Volviches ao Rácing esta temporada nun momento complicado.

Si, cando cheguei estabamos en postos de descenso. Agora saímos un pouco máis a flote, aínda nos queda para conseguir o obxectivo pero estamos traballando moi ben.

• Cales son agora os plans continuar no Villalbés, facer carreira no Deportivo?

Para o ano teño contrato co Deportivo, así que é o que me toca. Teño esperanza de facer unha boa temporada, e logo a ver que pasa.

Pichichi XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
ANXO	Milagrosa	28
ABELLA	Sarriana	22
NANO	Milagrosa	17
IAGO	Polvorín FC	16
BORJA	Castro	15
DAMIÁN	Becerreá	12
TORITO	Castro	12
MARCO	Milagrosa	11
GUNDÍN	Sagrado	11
DieGO	San Ciprián	11
NEIRA	Milagrosa	10
IVÁN GARCÍA	Ribadeo	10
ABEL	Villalbés B	10
ÁLEX	Castro	9
VÍCTOR	Foz	9
ALBERTO	Polvorín FC	9
GABRI	Villalbés B	9
JOSE A.	Becerreá	8
IVANILSON	San Ciprián	8
JAVI	Becerreá	7
SANTÍN	Becerreá	7
SPEEDY	Polvorín FC	7
RAÚL	Castro	6
JHOSEBA	Foz	6
JAVI PORRAL	Polvorín FC	6
JORGE	Ribadeo	6
SERGI	Sagrado	6
FLY	San Ciprián	6
GABRI	Villalbés B	6
ÁNGEL	Villalbés B	6
MÁNGEL	Castro	5
EDILSON	Foz	5
XOEL	Milagrosa	5
BRAIS	Polvorín FC	5
MARCO	Sarriana	5
ÁLEX ANIDO	Villalbés B	5
NACHO	Castro	4

Regularidade XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
SPEEDY	Polvorín FC	45
JORGE	Foz	29
RAÚL	Castro	27
DieGO	San Ciprián	27
ANXO	Milagrosa	26
BORJA	Castro	25
ADRIÁN	Castro	24
HUGO	Sagrado	24
IAGO	Polvorín FC	22
ÁLEX	Polvorín FC	22
HUGO	San Ciprián	21
ABELLA	Sarriana	21
SANTÍN	Becerreá	20
ÁLEX	Foz	20
GUNDÍN	Sagrado	20
ÁLEX	Ribadeo	19
HUGO	Ribadeo	19
PLATAS	Sagrado	19
DieGO	Ribadeo	18
ÁNGEL	Villalbés B	18
ABRAHAM	San Ciprián	17
IVANILSON	San Ciprián	17
IAGO	Villalbés B	17
ABEL	Villalbés B	17
IVÁN	Becerreá	16
VÍCTOR	Foz	16
EDGAR	Sarriana	16
GABRIEL	Villalbés B	16
JORGE	Castro	15
ADRIÁN	Ribadeo	14
FABIÁN	Sarriana	14
MARCO	Sarriana	14
MARCO	Villalbés B	14
TORITO	Castro	13
ANDRÉS	San Ciprián	13
NICO	Villalbés B	13
JUAN	Foz	12
DieGO F.	Milagrosa	12

# A Milagrosa non concede ningunha tregua ao Líder

**CUNHA VITORIA POLA VÍA RÁPIDA ANTE O RIBADEO**, os de Manolo Couso seguen agardando polo pinchazo do Villalbés no alto da táboa

**MILAGROSA**  
 Goles: Anxo (2), Sebas, Nano e en propia

5 0

**RIBADEO**  
 Goles: 4

**Arbitro:** Yecis Omal Amancio Rodríguez. **Campo:** Luis López Gorgoso - Frigsa (Lugo)

**GOLES NA PRIMEIRA PARTE**  
 A Milagrosa sentenciou o partido ante o Ribadeo pola vía rápida, con catro goles antes do descanso. Os de Manolo Couso seguen á espera do tropezo do Rácing Villalbés B para ter opcións de disputar o título



Román trata de protexer o balón presionado por Sebas



Neira e Manu forcexean na carreira polo control do balón



Javi Paraje nunha acción defensiva ante o local Nano

**“Seguimos cumprindo os obxectivos e agotando as posibilidades de ser campións”**

**“O partido decidiuse xa na primeira metade do encontro”**

**OS MELLORES**

MILAGROSA	RIBADEO
DAVID	DIEGO B.
MANU	DANI
MIGUEL	MIGUEL Y.

de vacacións con bo sabor de boca despois de sumar a súa décimo segunda vitoria na competición ante un Ribadeo que deixou no López Gorgoso as súas opcións de loitar ata o final pola terceira praza da clasificación.

A Milagrosa segue metendo presión ao Rácing Villalbés B na loita pola primeira praza. Os de Manolo Couso, a dous puntos e co average en contra, non semellan dispostos a facer ningunha concesión máis ao líder de cara ás dúas últimas xornadas do campionato provincial, que descansa polo parón de Semana Santa. Os milagrosistas vanse

A igualdade mantívose durante os primeiros vinte minutos. A Milagrosa tiña o balón e xogaba en campo rival, pero non conseguía xerar ocasións ante un rival ben posicionado nese tramo inicial. O gol de Anxo, cun dis-

paro desde a frontal da área ao ángulo da portería, abriu a lata e puxo o encontro moi de cara para os locais. Á media hora de encontro, Sebas ampliou distancia cun remate de cabeza.

O Ribadeo tivo despois unha ocasión para meterse no encontro, pero Róber evitouno e, antes do intermedio, os locais deixarían o partido resolto con dous tantos máis, o segundo de Anxo e outro en propia meta.

Na segunda metade o Ribadeo tratou de saír ao campo coa cabeza alta. Os cambios déronlle un aire novo ao equipo, que non sufriu tanto ante o dominio dos locais, con menos pegada nos segundos corenta e cinco minutos.

Tras o parón, os de Manolo Couso visitan ao Foz no Municipal e o Ribadeo recibe no Pepe Barrera ao Castro na penúltima xornada.

# O Castro refórzase cara ao sprint final

**OS TRES PUNTOS SUMADOS** ante o Polvorín e os traspés de Sarriana e Foz reforzan a candidatura dos de Brais Prados á terceira praza, que seguen a ocupar os da Ribela

**CASTRO**  
 Goles: Torito (3), Borja, Álex e Ónega polo Castro; Iago e Brais (2) polo Polvorín.

6

**POLVORÍN**  
 Goles: 3

Castro	Polvorín
Rodrigo	You
Nacho	Cobas
Mángel	Gorka
Marcos	Martin
Asier	Sebas
Adrián	Alex
Ónega	Porral
Torito	Rubén
Raúl	Speedy
Borja	Albrto
Álex	Iago
Pete	Brandon
Diego	Miquel
Cristian	Brais
Rivera	Suso

**Arbitro:** Antón Lodeiro Sarmiento

O Castro foi o equipo máis beneficiado polos resultados da xornada en canto á loita pola terceira praza. O empate da Sarriana e a derrota do Foz dan azos aos de Brais Prados na intrincada loita pola terceira praza, que teñen a tres puntos. Todo comezou coa súa vitoria ante o Polvorín, outro rival directo polo ascenso. Co 3-0 aos cincuenta minutos de encontro o triunfo parecía enca-

rillado para os locais, pero o marcador era demasiado castigo para os méritos dos amarelos, que tiveran máis balón e máis ocasións. A efectividade fora a baza do Castro, con moitas máis dúbidas sobre o campo das que presumía o marcador. Así, o 3-1 de Álex instalou na Fonte a sensación de que os visitantes poderían darlle a volta ao marcador. O 3-2 arrinconou máis aos chairegos. O 4-2 de Torito, **“Necesitamos aprender a cerrar os partidos. Sufrimos máis do que deberíamos”** BRAIS PRADOS Castro **“Felicitoo ao equipo polo esforzo e a dedicación, aínda que se nunha área perdonas e noutra regalas, acabas claudicando”** KUBALA Polvorín 

cun golpeo desde fóra da área, déulles osixeno pero non derrubou ao Polvorín, que se volveu achegar co segundo de Brais, 4-3. Os de Kubala seguiron insistindo e atopáronse ata en dúas ocasións coa madeira, que evitou os goles de Rubén ou Brais. Co partido completamente roto, o Castro volveu ser máis efectivo e Torito e Borja sentenciaron.



## A Sarriana complica a súa clasificación

O SAN CIPRIÁN mantense á boia

<b>SARRIANA</b>	<b>2</b>
<b>SAN CIPRIÁN</b>	<b>2</b>

Edgar	Eliás
Goyanes	Pelayo
Arias	Andrés Pernas
Marco	Jairo
Flores	Diego Luna
Fabián	David
Cayuela	Ivanilson
Porrál	Nacho
Vilar	Abraham
Miqueias	Hugo
Abella	Diego Baltar
Anxo	Dani
Manucho	Irfan
Caracas	Fly
Raúl	

Goles: Porrál e Abella polo Sarriana; Diego Baltar e Hugo polo San Ciprián.

Árbitro: Manuel López Casas

A Sarriana deixou ante o San Ciprián dous puntos que o situarían cun pé e medio na fase de Ascenso. Cos resultados da xornada, unha vitoria na Ribela daríalles cinco puntos de vantaxe sobre os seus rivais pola terceira praza, e tiveron preto xa que se adelantaron por dúas veces, pero o San Ciprián, que precisa sumar para deixar a última praza da táboa, igualou o marcador por dúas veces deixando o encontro en táboas. Un punto que sabe a pouco antes da visita a Roca.


Porrál abriu a lata cinco minutos antes do descanso pero, á volta dos vestiarios, a expulsión de Marco, que recibiu a segunda amarela, comezou a complicar o panorama para os locais, que deron un paso atrás. Diego Baltar igualou o encontro tras rematar unha xogada pola esquerda de Ivanilson. A Sarriana non perdera o balón, pero cometía máis imprecisións. O 2-1 de Abella nun lanzamento directo de falta déulle osíxeno, pero outro internada de Ivanilson, que desta vez rematou Hugo, deixou o marcador no definitivo 2-2.

“Un día para no olvidar y aprender muchas cosas del deporte y de la vida en general, yo el primero. No fui capaz de mantener a los 15 enchufados y creyendo”

ALBERTO PÉREZ Sarriana

“Debemos seguir loitando para intentar sair dos postos de descenso”

MADARIAGA San Ciprián



Platas pisa o esférico ante a presión do visitante David



Álex Anido conduce o balón con velocidade ante Muínelo

# Novo triunfo con suspense do Rácíng

OS CHAIREGOS ANOTARON O 1-3 no tempo engadido

<b>SAGRADO C.</b>	<b>1</b>	<b>VILLALBÉS B</b>	<b>3</b>
Got: Platas		Goles: Iago, Martín e Gabriel.	



Árbitro: David Rodríguez Pérez Campo: Rodríguez Lago - As Gándaras (Lugo)

### OS MELLORES

<b>SAGRADO</b>	<b>VILLALBÉS B</b>
PLATAS	MARCO
GUNDIR	ABEL
RÓBER	CADRA

O Rácíng Villalbés B segue a sumar de tres en tres e a descontar xor-

nadas para o final da liga, que lidera con dous puntos de vantaxe sobre a Milagrosa.

Os chairegos presaxiaban a inco-modidade do encontro, nas Gándaras e ante un equipo que non llelo puxera fácil

no Roca, e, como prevían, tardou en decantarse.

Mois serios en defensa, os locais conseguiron conter aos racinguistas que, malia adelantarse axiña cun gol de Iago tras un pase de David Bermúdez, co paso dos minutos foron perdendo verticalidade. Así, o partido chegou ao descanso co 1-0.

Tras o paso polos vestiarios Platas igualou o marcador. O encontro entrou nunha fase de equilibrio, sen ocasións en ningunha das dúas áreas, e parecía abocado a resolverse nos detalles. E o Sagrado Corazón cometeu un erro nun saque de banda que lle custou o 1-2.

De novo por diante no marcador, e coa entrada ao campo dos xogadores que comezaron no ban-

“Nos quedan dos partidos para cumplir el objetivo”

FRAN Sagrado Corazón

“Sacamos tres puntos importantes nun campo complicado”

IVÁN LAMAS Villalbés B

quín, especialmente a entrada de Abel, o Villalbés foi a pola sentenza,volvendo xerar accións de perigo en transicións rápidas.

Gabriel, Martín, que fallou baixo paus, e Marco tiveron as ocasións máis claras antes de que, no tempo de desconto, Martín anotase cun remate de cabeza o 1-3 co que se pechou o encontro no Rodríguez Lago.

# O Becerreá saca a cabeza

TRAS VENCER NO MUNICIPAL AO FOZ, que leva seis xornadas sen gañar pero que segue a ter opcións de loitar pola terceira praza

<b>BECKERREÁ</b>	<b>3</b>
<b>FOZ</b>	<b>1</b>

Oscar	Alonso
Jorge	Alex Pita
Segio	Marqués
Fran	Juan
Iván	Victor
Miguel	Jorge
Santín	Alex C.
Marco	Abuín
Deiros	Manu Louzao
Damián	Edilson
Nacho	Victor
Javi	Jose Maria
Bilal	Miquel

Goles: Damián, Deiros e Nacho polo Becerreá; Alex Pita polo Foz.

Árbitro: Luis Viña Seijas

Vitoria do Becerreá, que deixa as dúas últimas prazas da clasificación, sobre as que pende a sombra da previsible Segunda División autonómica de cara á vindeira temporada. Iso marcaba a importancia dos puntos en xogo para os locais ante un Foz, tamén urxido, coas miras postas na terceira praza.

Os locais foron ao descanso con 1-0 tras un gol de Damián nunha xogada individual. O Becerreá

“Cuando se juega en equipo siempre se está más cerca de ganar”

ANTÓN MÉNDEZ Becerreá

“Noraboa aos cadetes polo partido realizado. Volveuse demostrar o moito que nos costa facer gol nun partido que non merecemos perder”

IVÁN GAYOL Foz

sacaba maior réditio das oportunidades da primeira metade na que o Foz estreleou un balón na madeira. Un espectacular remate á escuadra de Deiros ao inicio da segunda metade déulle tranquilidade aos locais,

que ampliaron a renda cun gol de Nacho antes de que Álex Pita recurtase distancias. Os visitantes puideron meterse no encontro no arreón final, pero non atinaron e o partido rematou sen sobresaltos no Municipal.

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

#### RESULTADOS

Sagrado - RC Villalbés B	1-3
Sarriana - San Ciprián	2-2
Becerreá - Foz	3-1
Milagrosa - Ribadeo	5-0
Castro - Polvorín	6-3

#### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P	GF	GC
RC VILLALBÉS B	40	16	12	4	0	40	11
S.C.D. MILAGROSA	38	16	12	2	2	57	14
S.D. SARRIANA	24	16	6	6	4	35	29
C.D. FOZ	21	16	6	3	7	30	36
C.D. CASTRO	21	16	6	3	7	37	33
S.D. RIBADEO	19	16	5	4	7	21	34
POLVORIN F.C.	19	16	5	4	7	29	35
S.D. BECERREÁ	15	16	5	0	11	23	46
SAGRADO	15	16	4	3	9	21	33
SAN CIPRIÁN	12	16	3	3	10	21	43

#### PRÓXIMA XORNADA

S. Corazón - Polvorín Villalbés - Sarriana

San Ciprián - Becerreá Foz - Milagrosa

Ribadeo - Castro

A partir do martes

con todas as fotos e crónicas da xornada

www.liderlugo.es



@LiderRedaccion

Lider

@Lider\_Lugo

# I Torneo Autonómico de fútbol base Semana Santa

**HOXE DISPÚTASE A PRIMEIRA XORNADA** do campionato organizado polo Sagrado Corazón, que reúne 36 equipos nas Gándaras

Trinta e seis equipos das categorías prebenxamin, benxamin e alevín participan na primeira edición do Torneo Autonómico de Fútbol Base Semana Santa, organizado polo Sagrado Corazón aproveitando o parón das competicións federadas.

O campionato arranca hoxe coa disputa dos encontros da categoría prebenxamin, modalidade fútbol oito, e continúa o vindeiro luns, 22 de abril, cos conxuntos benxamin e alevín, modalidade fútbol sete.

## Participantes

Ademais da ADC Sagrado Corazón, que presentará equipos nas tres categorías, participarán no torneo conxuntos de SD Porto Burela, SD Sarriana, SD Monterroso, SD Becerreá, Fonsagrada

Balompé, Franciscanos, EF Polvorín, SCD Milagrosa, AD Ferroviaria, CP Lucense, ADC A Piringalla, e tamén dos clubs coruñeses Ural CF, Calasanz, Xuventude Oroso, Luis Calvo Sanz e As Pontes.

## Sistema de competición

Ao longo das dúas xornadas disputaranse nos campos municipais José María Rodríguez Lago das Gándaras un total de 75 encontros.

A competición arranca cos enfrontamentos da fase previa, cos equipos divididos en tres grupos. De aí, saíran os oito finalistas -primeiros e segundo clasificados, mais os dous mellores terceiros-, que se medirán nas eliminatorias.

## Primeira xornada

A primeira das dúas xornadas maratonianas

# 36

**EQUIPOS** das categorías prebenxamin, benxamin e alevín de toda Galicia participarán na primeira edición do torneo organizado polo Sagrado Corazón, coincidindo co parón das competicións federadas

# 75

## ENCUNTROS

Ao longo das dúas xornadas, o campo municipal Rodríguez Lago acollerá 75 encontros: os enfrontamentos das fases previas nas que se decidirán os cuarto finalistas de cada categoría, e as eliminatorias

que agardan comeza esta mañá, ás 10:30 horas, cos encontros da fase de grupos. Ás 16:45 está previsto o inicio dos cuartos de final. A final, para coñecer ao pri-



meiro campión do torneo, disputarase a partir das 19:00 horas.

## Clinic Fundación Celta

O parón de Semana

Santa será intenso para os corazonistas, que tamén serán os anfitrións do Clinic que a Fundación Celta realiza en Lugo os vindeiros 16 e 17 de abril.

Uns 100 nenos e nenas inscribíronse para participar nestas xornadas formativas nas que traballarán cos técnicos da canteira celeste.

# Formación para a nova promoción de árbitros

**ONCE COLEXIADOS E COLEXIADAS** participaron nunha sesión práctica nos adestramentos dos equipos benxamin e alevín de Sagrado Corazón nas Gándaras

A ADC Sagrado Corazón e o Comité Técnico de Árbitros de Lugo colaboraron nunha iniciativa orientada a completar a formación da nova promoción de colexiadas e colexiados para o fútbol provincial.

## Práctica de final de curso

O pasado xoves, coincidindo cos adestramentos dos equipos das categorías benxamin e alevín no Rodríguez Lago das Gándaras, once rapazas e rapaces participaron nunha xornada que lles serviu como exercicio práctico de final do curso.

Trátase de alumnos e alumnas do curso de arbitraje que, ao tempo que reciben formación teórica, están dirixindo partidos de fútbol oito supervisados por árbitros, tiores e membros da directiva do Comité lucense.

A xornada servíulles para

seguir rodándose sobre o terreo de xogo, pero tamén para estreitar lazos cos xogadores e xogadoras.

## Formación e convivencia

As dúas entidades valoraron positivamente a experiencia.

"Foi unha xornada moi produtiva para todos, xa que é un xeito de poder achegar o colectivo arbitral aos xogadores e que estes coñezan e teñan un maior contacto cos colexiados, e tamén para estes últimos xa que se trataba de que puidesen trasladar todos os coñecementos adquiridos na aula sobre o terreo de xogo", explican desde o Comité Técnico de Árbitros.

A directiva e técnicos do Sagrado Corazón expresaron o seu "agradecemento ao CTA de Lugo pola celebración da xornada" e reiteraron a súa cola-

boración para "participar de calquera tipo de formación que desexen realizar nun futuro"

## Visibilizar a labor arbitral

Ademais de traballar na for-

mación dos colexiados, o Comité Técnico de Árbitros centra parte dos seus esforzos en visibilizar e poñer en valor a labor arbitral entre os xogadores e xogadoras das categorías inferiores. Así,

desde o colectivo arbitral promóvense os encontros e actividades da man dos clubs de base, onde tamén desenvolveron a súa campaña de captación de novos colexiados.







A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
DO DEPORTE

# Torneo Promesas José Manuel Alvelo

**NOVENTA EQUIPOS** de toda Galicia disputan a cuarta edición do evento organizado pola SD Monterroso. Os partidos de biberóns abrirán o campionato este mércores

Noventa equipos das categorías biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete participarán na cuarta edición do Torneo Promesas José Manuel Alvelo, que organiza o SD Monterroso.

#### Biberóns, a novidade

Os campos dos Cerdeiriños acollerán catro intensas xornadas de competición. Os encargados de abrir o pano serán os conxuntos de biberón, novidade este ano. Dez equipos formados polas xeracións máis novas de Lugo, Milagrosa, Sarriana e Monterroso protagonizarán a xornada inaugural, o mércores 17.

O xoves será a quenda dos infantis e o venres a dos cadetes, con 16 equipos en cada categoría.

O domingo tomarán a remuda os prebenxamins, benxamins e alevíns. Será a xornada máis multitudinaria do torneo, con 48 equipos - 16 por categoría- disputando máis de noventa encontros entre os campos de herba natural e artificial de Cerdeiriños.

O formato competitivo será o mesmo para todas as categorías, cunha fase de grupos na que os equipos disputarán un mínimo de tres encontros, e unhas eliminatorias para as que se clasificarán os dous mellores de cada cadro.

#### Participantes

Unha trintena de clubs de toda Galicia participan no torneo que, edición a edición, incrementa a súa capacidade de convocatoria, dobrando o número de entidades con respecto ao primeiro ano no que participaron 14 clubs.

Ademais da representación lucense, destaca a presenza de clubs con equipos en ligas superiores, tanto na categoría infantil como cadete. Así, estarán nos Cerdeiriños clubs como Santa Mariña, Once Caballeros, Portero 2000 ou o Rápido de Bouzas.

#### Aposta pola base

O club organizou o torneo por primeira vez no 2016 para dar visibilidade e proxección a un novo horizonte para o club, que retomaba a aposta pola canteira. Esa mesma temporada o conxunto da Ulloa volvía ao fútbol base provincial con equipos de fútbol base.

A entidade conta agora tamén con clubs en todas as categorías de fútbol oito -dous en prebenxamín-. Ademais do crecemento cuantitativo, esta temporada o cadro cadete está a disputar o campionato provincial.

#### José Manuel Alvelo

O ex futbolista do RC Celta, José Manuel Alvelo, con raíces familiares no municipio da Ulloa, apadrinara un ano máis o torneo no que se lle rende homenaxe. O ex xogador estará na entrega de premios o domingo, xornada central do torneo con todas as competicións de fútbol oito.

O centrocampista, cuxa carreira no club olívico se truncou por unha lesión medular nun accidente de tráfico en 1988, cando só tiña 27 anos, foi parte dunha das xeracións máis recordadas da canteira celeste.

Dez equipos de Lugo, Milagrosa, Sarriana e Monterroso competirán na categoría biberón, novidade na cuarta edición. Os máis pequenos serán os encargados de abrir a cuarta edición do torneo o vindeiro mércores

Milagrosa, Palas, Sarriana, Cire Melide, Castro, Piringalla, Once Caballeros, Cambre, Antas, Santa Mariña, EF Polvorín, Portero 2000 A e B, Mos, Atlántida Matamá e Vila de Corpus disputarán o torneo na categoría infantil

Monterroso, Calasancio A e B, Antas, Cire Melide, Castro, Milagrosa, Polvorín, Monforte, At. Castros, Once Caballeros, Santa Mariña, Mos, Silva e Rápido de Bouzas son os dezaseis equipos participantes na categoría cadete

O torneo pecharase o domingo cunha intensa xornada na que **48 equipos competirán polos trofeos** nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín. O ex xogador do Celta, José Manuel Alvelo, entregará os premios aos campións



A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
DO DEPORTE

